

Departamento
orientación

IES Plurilingüe
Fontexería

Residencias
Universitarias

Becas e
axudas

Admisión e
matrícula

Oferta de
Graos

Estudar na
Universidade

Titulacións e prazas no SUG

curso 2020-2021

Na páxina web da CiUG e no Anexo II figura relación de titulacións con límite de prazas existentes nas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o curso 2020-2021, con indicación do **código da titulación e do número de prazas** existentes en cada unha delas

IES plurilingüe Fontexería

Novas Titulacións de Grao

(Pendientes de verificación)

CURSO 2020-2021

(USC, Lugo)

- Bioquímica
- 45 prazas

(USC, Lugo)

- Empresa e tecnoloxía
- 45 prazas

UDC, A Coruña

- Nanociencia e nanotecnoloxía
- 50 prazas

IES Plurilingüe Fontexería

Novos programas de
simultaneidade de Graos na Universidade de
Vigo: Programación Conxunta de Ensinanzas
Oficiais (PCEO) ou Dobres graos

Campus de Ourense

- ADE + Enxeñaría Informática

Campus de Vigo

- Enxeñaría Biomédica + Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática
- Enxeñaría Biomédica + Enxeñaría Mecánica
- Enxeñaría Mecánica + Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática

Novidade no curso 2020-2021

GRAOS ABERTOS

Permiten ampliar as posibilidades de elección do alumnado ao tempo que se pretende reducir as taxas de abandono ou de cambio de estudos nos primeiros anos de vida universitaria. Os graos abertos deben combinar materias de, como mínimo, 3 graos da mesma rama de coñecemento, e o número de prazas máximo que poden ofertar é 25

(USC, Lugo)

- Enxeñarías
- 10 prazas

(UDC, Ferrol)

- Enxeñaría Industrial
- 8 prazas

UDC, A Coruña

- Ciencias Socias e Xurídicas
- 8 prazas

Solicitud Ordinaria de Admisión

(PREINSCRICIÓN): Para cursar ensinanzas
universitarias oficiais de Grao no SUG

20 xullo – 28 xullo (ata as 14horas)

Alumnado dos centros de Bacharelato da C.A. de Galicia ou de fora de Galicia que aprobe a ABAU na convocatoria ordinaria de 2020, soliciten ou non soliciten revisión das cualificacións obtidas na mesma

IES Plurilingüe Fontexería

Solicitud Extraordinaria

Os estudantes que non puideron matricularse en ningunha das titulacións solicitadas despois dos 4 primeiros chamamentos, poden solicitar **unha modificación da preinscrición o 27 de agosto, para substituir as titulacións xa pechadas por titulacións con prazas vacantes**. Para elo deberán enviar a súa solicitude, no formulario que poderán baixar da páxina Web da CiUG, por correo electrónico ao Lugar de Entrega e Recollida de Documentación (LERD) correspondente ou á dirección de correo electrónico da CiUG ciug@ciug.gal

Estes cambios terán preferencia sobre as prescricións da convocatoria extraordinaria.

PROCEDIMIENTO DE PREINSCRIPCIÓN NO SUG

Os/As estudantes realizarán os **trámites administrativos** do acceso a ensinanza universitaria do SUG a través da **aplicación informática Nerta**, aberta ata as 14:00 horas do último día de cada un dos prazos sinalados (www.edu.xunta.es/nerta/alumnado)

Na aplicación indicaranse por orde de preferencia ata un máximo de **5 titulacións diferentes**, ou **completar ata 10**, se son titulacións iguais **en diferentes centros**. *Revisar os códigos das titulacións (Anexo II), xa que a asignación de prazas se leva a cabo informaticamente a partir deste número do código que implica o nome da titulación e o campus no que se imparte.*

Na páxina web da CiUG e no **Anexo II** figura relación de titulacións con límite de prazas do SUG para o curso 2020-2021, con indicación do **código da titulación e do número de prazas** existentes en cada unha delas

PROCEDIMIENTO DE PREINSCRIPCIÓN NO SUG

O alumnado que non ten os seus datos informatizados na **Aplicación Informática Nerta** deberán rexistrar na Aplicación os seus datos persoais e a solicitude de preinscrición coa relación priorizada de titulacións e subir copia da documentación solicitada en formato PDF.

Se é necesario poden dirixirse por correo electrónico a un dos Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERD), ou solicitar cita previa.
(ANEXO 1).

PRIORIDADE NA ADXUCIDACIÓN DE PRAZA

Para o **acceso o ás titulacións con limite de prazas** non existe unha nota determinada previamente, senón que esta **depende do número de prazas existentes** para a titulación, **do número de solicitantes e das cualificacións** que estes acaden.

Esta "**nota de acceso**" ou "**nota de corte**" correspóndese coa nota do **último alumno/a admitido/a** en cada titulación.

As **solicitudes que estean en igualdade de condicións**, redondearanse en función da nota de admisión que corresponda, expresada en **tres cifras decimais** e redondeada á milésima mais próxima e en caso de equidistancia á superior.

No caso das **Simultaneidades de Estudos (dobres graos)** é necesario que **a nota de admisión dos admitidos sexa superior á do/a último/a estudante matriculado/a en cada un dos graos correspondentes (notas de corte deses graos)**. Dado que estas notas non se coñecen ata que “pechan” eses graos, no caso de alumnos admitidos nunha simultaneidade de estudos con nota de acceso inferior a nota de corte de algún dos graos da simultaneidade, seralle anulada a matrícula e asignaráselle a titulación que lle corresponda en función da súa cualificación, aínda que esta xa estivera pechada.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E PROCEDIMENTO DE MATRÍCULA

A CiUG asignará as prazas ofertadas en cada ensinanza universitaria oficial de grao en cada unha das convocatorias e prazos de matrícula que se establezan.

- Se o solicitante aparece **convocado/a para matricularse na titulación da súa primeira preferencia:**

deberase matricular no prazo establecido, ***de non facelo perderá todos os seus dereitos de matrícula.*** Enténdese por primeira preferencia aquela que o alumnado solicite en primeiro lugar, ou en lugares sucesivos se as ensinanzas universitarias solicitadas por enriba dela esgotaron as súas prazas.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E PROCEDIMENTO DE MATRÍCULA

- Se o solicitante aparece **convocado/a para matricularse nunha titulación que non sexa a de primeira preferencia:**
poderá esperar a matricularse nela (en sucesivas convocatorias) **en tanto non se peche a matrícula nas titulacións solicitadas con maior preferencia.** No caso de matricularse nela, decae dos seus dereitos de continuar no proceso de ingreso en titulacións con preferencia superior.

RECONFIRMACIÓN NA LISTA DE ESPERA

- Despois de cada chamamento e durante o período de matrícula, **o alumnado que non se matricule, deberá confirmar** A TRAVÉS DA PROPIA APLICACIÓN INFORMÁTICA NERTA, **o interese en seguir nas listaxes da CiUG** (de non confirmalo, entenderase que xa non ten interese nas titulacións solicitadas e decaerá nos seus dereitos).

PRAZOS dos CHAMAMENTOS de MATRÍCULA

- Suxírese que se **faga a matrícula no primeiro día de prazo** para poder resolver calquera incidente que poida xurdir no proceso de matrícula.
- Durante o período de matrícula, **o alumnado que non se matricule, deberá confirmar o interese en seguir nas listaxes da CiUG** (*de non confirmalo, entenderase que xa non ten interese nas titulacións solicitadas e decaerá nos seus dereitos*).
- Os solicitantes **poderán presentar reclamación á súa asignación de prazas** no prazo de 3 días hábiles seguintes á publicación da listaxe correspondente. A reclamación, dirixida ao presidente da CiUG, deberá presentarse na sede da CiUG ou no LERD no que presentou solicitude de acceso (preinscrición).

PRAZOS dos CHAMAMENTOS de MATRÍCULA



Prazos dos Chamamentos de Matrícula nas Universidades do SUG					
Convocatoria	Prazo	Data listaxe		Datas de Matrícula	Mes
ORDINARIA	1º	11		12 e 13	Agosto
	2º	17		18 e 19	
	3º	21		22 a 25	
	4º	26		27 e 28	
	5º	31			
				1 e 2	Sept.
	6º	3		4 a 7	
EXTRAORDINARIA	7º	6		7 e 8	Outubro
	8º	13		14 e 15	
	9º	16		17 e 20	

PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA no SUG

Universidade da Coruña (campus: A Coruña e Ferrol)

<https://matricula.udc.es/matriculaprimeiro/>

Universidade de Vigo (campus: Vigo, Pontevedra e Ourense)

<https://seix.uvigo.es/automatricula>

Universidade de Santiago (campus: Santiago e Lugo)

<https://matricula.usc.es/matriculaPrimeiro/>

Pasos no proceso de automatrícula para iniciar estudos de Grao


- 1. Introducir DNI e data de nacemento para proceder coa matrícula**
- 2. Confirma ou corrixe os teus datos persoais**
- 3. Selecciona a titulación na que desexas matricularte**
- 4. Selecciona as exencións ás que tes dereito para o pagamento de matrícula**
- 5. Selecciona as materias nas que desexas matricularte**
- 6. Elixes a forma de pagamento que máis che interese**
- 7. Taxas opcionais**
- 8. Confirmación de todos os datos da matrícula**

CALENDARIO XERAL ABAU 2019-20

COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

CALENDARIO DA PROBA DE ACESSO Á UNIVERSIDADE

CONVOCATORIA ORDINARIA 2020											
XUÑO											
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31					
1-17 MATRÍCULA ANTICIPADA											
Matrícula anticipada en liña para realizar o probe de avaliación do Bacharelato para o acceso á universidade. (Lugar: Norte)											
10-17 PRE-MATRÍCULA DA ABAU											
Matrícula para a ABAU do alumnado que separe o segundo curso do Bacharelato no convocatoria do xullo de 2020 (Lugar de presentación: centros de Bacharelato). (Lugar: Centros)											
17-19 MATRÍCULA ORDINARIA											
Por parte dos centros do bacharelato de Galicia nos LERD para o alumnado que separe o segundo curso de bacharelato no convocatoria do xullo de 2020. (Lugar: LERD)											
XULLO											
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31					
3 MATRÍCULA EXTRAORDINARIA											
Alumnado dos centros do bacharelato de Galicia que aprrobe o 2º curso do Bacharelato despois de resolución das reclamacións das cualificacións pola comisión de supervisión. (Lugar: LERD)											
7-8-9 REALIZACIÓN DOS EXERCICIOS DA ABAU											
(Lugar: sedes das comisións delegadas)											
16 PUBLICACIÓN NA CUG, NOS LERD E EN INTERNET DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS DA ABAU											
17 DIFUSIÓN NA PRENSA DA LISTAXE PROVISIONAL DE APTOS POR COMISIÓN DELEGADA											
17-21 PRAZO DE SOLICITUDES DE REVISIÓN AS CUALIFICACIÓNS DA ABAU (entre as 14:00 horas do día 21)											
23 PUBLICACIÓN NA CUG, NOS LERD E EN INTERNET DAS CUALIFICACIÓNS DA ABAU DESPOIS DA RESOLUCIÓN DAS REVISIÓNS. CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS DA ABAU											



CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2020											
SETEMBRO											
1	2	3	4	5	6	2-8 <u>MATRÍCULA ANTICIPADA</u>					
7	8	9	10	11	12	Matrícula anticipada en liña para a realización da probe de avaliación do Bacharelato para o acceso á universidade. (Lugar: Norte)					
13	14	15	16	17	18	19	20	8 <u>PRE-MATRÍCULA ABAU</u>			
21	22	23	24	25	26	27	Matrícula para a ABAU do alumnado que separe o segundo curso do Bacharelato no convocatoria do setembro de 2020. (Lugar: Centros)				
28	29	30	9 <u>MATRÍCULA ORDINARIA</u>								
Alumnado dos centros de Bacharelato de Galicia que aprabe o 2º curso do Bacharelato na convocatoria do setembro de 2020. (Lugar: LERD)											
14 <u>MATRÍCULA EXTRAORDINARIA</u>											
Alumnado dos centros de Bacharelato de Galicia que aprabe o 2º curso do Bacharelato despois da resolución das reclamacións das cualificacións pola comisión de supervisión. (Lugar: LERD)											
15-16-17 <u>REALIZACIÓN DOS EXERCICIOS DA ABAU</u>											
(Lugar: sedes das comisións delegadas)											
24 <u>PUBLICACIÓN NA CUG, NOS LERD E EN INTERNET DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS DA ABAU</u>											
25 <u>DIFUSIÓN NA PRENSA DO LISTADO PROVISIONAL DE APTOS POR COMISIÓN DELEGADA</u>											
25-29 <u>PRAZO DE SOLICITUDES DE REVISIÓNS AS CUALIFICACIÓNS DA ABAU</u> (entre as 14:00 horas do día 29) (Lugar: Norte/ LERD)											
30 <u>PUBLICACIÓN NA CUG, NOS LERD E EN INTERNET DAS CUALIFICACIÓNS DA ABAU DESPOIS DA RESOLUCIÓN DAS REVISIÓNS.</u>											
<u>CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS DA ABAU</u>											

CALENDARIO DE ADMISIÓN EN TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS DO SUG

XULLO											
	1	2	3	4	5						
6	7	8	9	10	11	12					
13	14	15	16	17	18	19					
20	21	22	23	24	25	26					
27	28	29	30	31							
14-28 PREINSCRIPCIÓN ANTICIPADA NO SUG											
Solicitudes anticipadas de admisión para cursar ensinanzas universitarias oficiais do Grao no SUG. (Lugar: Norte)											
20-28 PREINSCRIPCIÓN ORDINARIA NO SUG											
Solicitudes ordinaria de admisión para cursar ensinanzas universitarias oficiais do Grao no SUG. (Lugar: Norte / LERD)											
28 FIN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS AOS ERROS NAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN											
(Reclamacións aos erros na preinscrición anticipada, ordinaria)											
(Lugar: LERD)											
14-28 PREINSCRIPCIÓN TITULADOS											
Titulados/as universitarios na convocatoria de xullo - xullo de 2020											



SETEMBRO											
1	2	3	4	5	6	25-2	PREINSCRIPCIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA NO SUG				
7	8	9	10	11	12	OUT.	Solicitud de admisión en titulaciones con plazas vacantes de SUG.				
14	15	16	17	18	19	20	Lugar: Norte / LERD				
21	22	23	24	25	26	27					
28	29	30									

CALENDARIO DE MATRÍCULA EN TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS DO SUG

AGOSTO																
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12					
13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24					
25	26	27	28	29	30	31										
11 Publicación de 1ª lista de admitidos a do aparta																
Reclamacións ó 1ª lista de admitidos a do aparta																
12-13 PRIMEIRO PRAZO DE MATRÍCULA																
Necesidade de reafirmar o interese de continuar nos estudos de CUG																
17 Publicación de 2ª lista de admitidos a do aparta																
Reclamacións ó 2ª lista de admitidos a do aparta																
18-19 SEGUNDO PRAZO DE MATRÍCULA																
Necesidade de reafirmar o interese de continuar nos estudos de CUG																
21 Publicación de 3ª lista de admitidos a do aparta																
Reclamacións ó 3ª lista de admitidos a do aparta																
22-25 TERCEIRO PRAZO DE MATRÍCULA																
Necesidade de reafirmar o interese de continuar nos estudos de CUG																
26 Publicación de 4ª lista de admitidos a do aparta																
Reclamacións ó 4ª lista de admitidos a do aparta																
27-28 CUARTO PRAZO DE MATRÍCULA																
Necesidade de reafirmar o interese de continuar nos estudos de CUG																
27 PRAZO EXTRAORDINARIO MODIFICACIÓN DE PREINSCRIPCIÓN																
Estudantes que non puideron matricularse en ningunha das titulacións solicitadas																
31 Publicación de 5ª lista de admitidos a do aparta (Incorporación alumnado ABAU extraordinario)																



SETEMBRO																
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12					
13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24					
25	26	27	28	29	30	31										
1-2						Rexamenes de 5ª lista de admitidos a do aparta										
QUINTO PRAZO DE MATRÍCULA						Necesidade de reafirmar o interese de continuar nos estudos de CUG										
3						Publicación de 6ª lista de admitidos a do aparta										
4-7						Rexamenes de 6ª lista de admitidos a do aparta										
SEXTO PRAZO DE MATRÍCULA						Necesidade de reafirmar o interese de continuar nos estudos de CUG										
OCTUBRO																
1	2	3	4	5	6	7						8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19						20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31										
6						Publicación de 7ª lista de admitidos a do aparta										
Rexamenes de 7ª lista de admitidos a do aparta						Necesidade de reafirmar o interese de continuar nos estudos de CUG										
7-8						SETIMO PRAZO DE MATRÍCULA										
Publicación de 8ª lista de admitidos a do aparta						Necesidade de reafirmar o interese de continuar nos estudos de CUG										
13						Publicación de 9ª lista de admitidos a do aparta										
14-15						OCTAVO PRAZO DE MATRÍCULA										
Necesidade de reafirmar o interese de continuar nos estudos de CUG						Publicación de 9ª lista de admitidos a do aparta										
16						Rexamenes de 9ª lista de admitidos a do aparta										
17-20						NOVENO PRAZO DE MATRÍCULA (DE RADIÉRO)										

Bolsas e axudas ao estudo para o alumnado

Destinatarios:

Alumnado de bacharelato.

Alumnado de ciclos formativos de grao medio.

Alumnado de ciclos formativos de grao superior.

Alumnado universitario.

Estudantes dos graos elementais e medios de Música e danza, ciclos formativos de grao medio e superior de Artes Plásticas e Deseño.

Alumnado de ensinanzas de Arte Dramática, de Restauración e Conservación de Bens Culturais.

Alumnado de estudos superiores de Música e de Danza, de Deseño e de Artes Plásticas.

Como solicitalas:

Convócanse no Boletín Oficial do Estado.

Cubrir na aplicación do ministerio e xerar o impreso a través da web [do ministerio de educación e formación profesional](#)

Entregar no centro docente no que o alumno/a está matriculado.

Publicación da convocatoria:

con carácter xeral, mes de agosto

BECAS de carácter xeral do Ministerio de Educación Cultura e Deporte para estudantes que inician estudos universitarios :

Requisitos: Económicos (renda e patrimonio) e académicos. Nestes últimos, matricularse do número de créditos que establece a convocatoria e ter unha nota mínima para beca de matrícula como único compoñente de 5,00 puntos, e para o resto das cuantías (asociada á residencia...) ter 6,50 ou máis puntos na Proba de acceso (fase obrigatoria), nota de CFGS ou outras probas.

Para obter beca en 2º curso e posteriores, teñen a obriga de superar o número mínimo de créditos* estipulados en función da titulación para non ter que reintegrar as axudas recibidas, agás o compoñente de matrícula. (*NºMC= 100% en tódalas ramas de coñecemento, agás nas ensinanzas técnicas 85%). Poderán tamén obter beca se acreditan unhas porcentaxes de créditos e ter acadado determinadas notas medias (Artes e Humanidades e CCSS e Xurídicas: 90% ECTS- 6,50NMA/ Ciencias 80%ECTS- 6,00NMA/ Ciencias da Saúde: 80%ECTS- 6,50NMA/ Enxeñería ou Arquitectura- ensinanzas técnicas: 65%ECTS- 6,00NMA). Poderán excluírse no cálculo da nota media as notas máis baixas nos ECTS que excedan % requirido para a obtención de beca. Para beca de matrícula deberán acreditar o mesmo% de ECTS, agás a rama de Ciencias (65%). Duración becario: rama de Enxeñ.e Arq, 2 anos máis sobre o establecido/ 1 ano no resto

Como solicitalas: Convócanse no Boletín Oficial do Estado. Cúmpriméntase e xerase o impreso na web do ministerio de educación e formación profesional. Entregar no centro docente no que o alumno/a está matriculado (obrigatorio o xustificante de ter feita a solicitude)

Preferible non presentar a axuda con datos incompletos, retrasará a concesión.

Publicación da convocatoria: Con carácter xeral mes agosto.

Prazos aproximados: Estudos non universitarios (1 Agosto- 1 Outubro)

Estudos universitarios (1 Agosto- 15 Outubro)

Bolsas e axudas para estudantes que inician estudos universitarios

•**AXUDAS** para o inicio de estudos universitarios nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Destinadas a gastos derivados da matrícula.

Destinatarios: Alumnado que comece por primeira vez estudos universitarios.

Requisitos: Económicos e académicos (nota ACCESO só fase obrigatoria) esixidos na convocatoria

Como solicitalas:

Convócanse no Diario Oficial de Galicia.

Entregar o formulario en calquera dos lugares e rexistros establecidos no ar.38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Publicación da convocatoria:

Con carácter xeral no 1º trimestre de cada curso.

Supostos nos que se pode perder a Beca

1. Anulación de matrícula
2. Baixa no centro de estudos
3. Non asistencia a máis do 80% das horas lectivas (salvo dispensa de escolarización)
4. Non haber superado o 50% das asignaturas, créditos e horas matriculadas.

Outras Bolsas e axudas

Convocatorias de prazas de aloxamento nas distintas universidades do SUG, Bolsas de comedor, Bolsas de desprazamento, axudas extraordinarias para estudiantado en situación de dificultades económicas sobrevidas...

Estas axudas solicítanse a través das propias páxinas de cada universidade:

[Bolsas da Universidade de Santiago. Servizo Universitario de Residencias](#)

[Bolsas da Universidade de A Coruña. Servizo Universitario de Residencias](#)

[Bolsas da Universidade de Vigo. Servizo Universitario de Residencias](#)

Prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para cursar estudos de ensinanzas posobrigatorias non universitarias e de réxime especial.

Destinatarios: Alumnado que cursen os as **ensinanzas posobrigatorias non universitarias que se indican nos centros que se detallan na convocatoria.**

Para poder optar á praza de residencia os aspirantes *deberán acreditar a circunstancia de non poder cursar os estudos solicitados por non haber un centro sostido con fondos públicos que imparta os devanditos estudos, ben na localidade de residencia, ben nunha localidade próxima que permita, polos medios de comunicación da zona, un acceso diario con facilidade.* Con carácter particular, e documentalmente acreditado, poderanse ter en conta outras circunstancias, como condicións de orfandade, fillo de emigrantes ou situacións familiares moi graves.

Como solicitalas:

Convócanse no Diario Oficial de Galicia. Anúncianse nos centros residenciais docentes.

Cubrir o modelo que figura na convocatoria.

Entregar directamente no centro residencial docente ou a través das dependencias establecidas na lei 30/1992

Publicación da convocatoria: No 3º trimestre de cada curso (con carácter xeral no mes de maio).

Departamento
de orientación

ies  Fontexería

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
PLURILINGÜE FONTEXERÍA



**GRAZAS POLA
VOSA
ATENCIÓN!**